Cooperativismo e Economía Social, nº 26 (2003-2004), pp. 183-186

APROBADO O REGULAMENTO DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO REXISTRO DE COOPERATIVAS DE A RIOXA

Rafael GARCÍA PÉREZ

O Goberno de A Rioxa aprobou, en cumprimento do prescrito pola Disposición Final Segunda da Lei 4/2001, de 2 de xulio, de Cooperativas de dita Comunidade Autónoma, o Regulamento de Organización e Funcionamento do Rexistro de Cooperativas de A Rioxa (Decreto 18/2003, de 7 de maio; BO. A Rioxa de 10 de maio de 2003, núm. 58, p. 2311; rect. BO A Rioxa de 28 de xuño de 2003, núm. 80, p. 3171; entrada en vigor ó mes da súa publicación no Boletín Oficial de A Rioxa).

O Rexistro configúrase, segundo a Exposición de Motivos do Decreto, como un servicio administrativo de carácter público e gratuíto–adscrito á Dirección Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Facenda e Economía- que ten a finalidade de garantir, mediante a publicidade e legalidade da constitución das cooperativas e dos seus actos, a seguridade xurídica destas sociedades e de terceiros interesados.

O Rexistro é competente para realiza-las funcións que lle atribúe a Lei de Cooperativas de A Rioxa respecto ás sociedades e asociacións cooperativas que, tendo establecido o seu domicilio social na Comunidade Autónoma de A Rioxa, realicen principalmente a súa actividade cooperativizada dentro do seu ámbito territorial. Por actividade cooperativizada enténdese a resultante das operacións realizadas polas entidades cooperativas cos seus socios. A actividade cooperativizada considerarase desenvolta principalmente na Comunidade Autónoma de A Rioxa cando resulte ser superior á realizada no conxunto dos demais territorios (artigo 2 do Regulamento).

As funcións principais do Rexistro son: a) cualificar, inscribir e certificar os actos que deban acceder ó mesmo; b) dilixenciar e legaliza-los libros

obrigatorios das entidades cooperativas; c) recibir en depósito as contas anuais, así como emitir a certificación acreditativa do número de socios ó peche do exercicio económico; d) recibir en depósito, en caso de liquidación da cooperativa, os libros e documentación social; e) expedir certificacións sobre a denominación das cooperativas; f) dictar instruccións e resolver consultas que sexan da súa competencia, e g) calquera outra función atribuída pola normativa vixente (artigo 4 do Regulamento e 17 da Lei).

O Rexistro de Cooperativas de A Rioxa réxese polos principios de publicidade formal e material, legalidade, lexitimación ou presunción de validez e de exactitude, prioridade e tracto sucesivo (artigo 5 do Regulamento e 16.2 da Lei).

A publicidade do Rexistro farase efectiva mediante certificación ou por medio de simple nota informativa do contido dos asentos rexistrais. A certificación será o único medio de acreditar fehacentemente o contido dos actos inscritos no Rexistro e se expedirá a instancia de quen demostren ter un interese no acto obxecto de rexistro conforme ó artigo 31 da Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. Cando non concorra a condición de interesado ou cando así se solicite, o Rexistro expedirá nota simple informativa dos asentos rexistrais (artigos 6.1 e 22 do Regulamento e 16.1 da Lei). A resposta do Rexistro ás consultas que se lle formulen sobre materias da súa competencia terá carácter exclusivamente informativo, polo que non orixinará dereitos nin expectativas de dereitos a prol dos solicitantes nin de terceiros, nin ofrecerá vinculación algunha con futuros procedementos rexistrais. Nembargantes, con relación a terceiros de boa fe, os títulos e documentos suxeitos a inscrición e non inscritos non producirán efectos, non podéndose invoca-la falta de inscrición no seu favor por quen incorreu na súa omisión (artigos 6 e 23 do Regulamento e 16.2 da Lei).

O principio de legalidade implica que tódolos documentos suxeitos a inscrición no Rexistro son sometidos previamente a cualificación, que comprende a legalidade da forma do documento, a lexitimación daqueles que o outorgan ou subscriben e a validez do seu contido. A cualificación ten por obxecto garantir que só accedan ó Rexistro aqueles títulos que cumpran os preceptos legais e estatutarios de carácter imperativo e realizarase á vista dos documentos presentados e dos asentos obrantes no Rexistro, entendéndose limitada ós sos efectos da inscrición (artigos 7.1 e 27 do Regulamento e 16.3 da Lei)

En virtude do principio de lexitimación os asentos do Rexistro presúmense exactos e válidos e producen tódolos seus efectos namentres non se

inscriba a declaración de inexactitude ou nulidade, declaración que non poderá prexudicar ós dereitos de terceiros de boa fe adquiridos conforme ó contido do Rexistro (artigo 7.2 do Regulamento e 16.4 da Lei). O Regulamento aclara que a inscrición non convalida os actos ou contratos que sexan nulos segundo as Leis (artigo 7.2).

Os principios de prioridade e tracto sucesivo teñen varias implicacións: a) non pode inscribirse ou anotarse ningún título ou documento de data igual ou anterior a outros xa inscritos ou anotados cando conteñan acordos contrarios ou incompatibles con estes; b) non se inscribirán ou anotarán actos que sexan consecuencia doutros se antes non se procedeu á inscrición destes últimos; c) a inscrición do cese e nomeamento dos membros dos órgano da cooperativa, así como doutros suxetos inscribibles, require a previa inscrición dos anteriores que se produciran; e d) para inscribir ou anotar actos polos que se declaren, modifiquen ou extingan os asentos contidos no Rexistro, deberá constar inscrita a condición que lexitima á persoa que outorgue ou no nome da cal sexan outorgados os documentos que conteñan os actos referidos (artigo 8 do Regulamento).

O Rexistro de Cooperativas de A Rioxa componse de tres libros: Libro diario, Libro de inscrición de sociedades cooperativas e Libro de inscrición de asociacións cooperativas (artigo 9 do Regulamento). Os actos de inscrición obrigatoria son os seguintes: constitución da sociedade cooperativa; nomeamento, cese e revogación dos membros do Consello Rector e da Intervención, así como, no seu caso, do Administrador Único e dos membros do Comité de Recursos; o outorgamento, modificación ou revogación dos poderes de xestión ou dirección; o depósito das contas anuais; a modificación de estatutos sociais e a adaptación dos mesmos á Lei de Cooperativas de A Rioxa; a suspensión de pagos e crebas; os acordos de fusión e escisión; a transformación doutras entidades en sociedades cooperativas; a disolución e nomeamento de liquidadores; a reactivación da cooperativa; a liquidación e extinción; a descualificación firme; o acordo de integración nun grupo cooperativo, e calquera outro acto que viñera obrigado pola legalidade aplicable (artigo 26 do Regulamento e 18.2 da Lei).

A inscrición terá en ocasión carácter constitutivo (inscrición dos actos de constitución, modificación de estatutos, fusión, escisión, descualificación, disolución, liquidación e extinción, así como o de transformación en sociedades cooperativas) e noutras declarativo (as demais inscricións) (artigo 26.1 do Regulamento e 18.1 da Lei). En realidade, a Lei non menciona entre aquelas inscricións que gozan de carácter constitutivo a do acto de extinción,

pero non por elo o Regulamento é ilegal: cando a Lei se refire á "liquidación" e o Regulamento á "liquidación e extinción", estanse a referir ambos á mesma cousa, a saber, a inscrición da "escritura pública de extinción e cancelación rexistral" á que fai referencia o artigo 101 da Lei ou a "escritura de liquidación e extinción" da que fala o artigo 41.4 do Regulamento.

A solicitude de inscrición no Rexistro dunha sociedade cooperativa formularase por quen fose designado ó efecto na escritura pública de constitución ou, no seu defecto, polo Presidente do Consello Rector. O Rexistro procederá á cualificación e, no seu caso, á inscrición da escritura de constitución (que terá un contido mínimo, vid. artigo 14.2 da Lei) conforme ó establecido no artigo 15 da Lei. Coa inscrición a sociedade cooperativa adquirirá personalidade xurídica (artigo 9 da Lei). A inscrición dará lugar, segundo a descrición que da súa actividade realicen os estatutos sociais, á clasificación da cooperativa nalgunha das clases recollidas no Título II das Lei (artigo 30 do Regulamento).

Un aspecto interesante do Regulamento é a posibilidade de realizar unha cualificación previa do proxecto de estatutos sociais (artigo 31 do Regulamento e 9.2 e 13 da Lei; vid. tamén o artigo 32 do Real Decreto 136/2002, de 1 de febreiro que aproba o Regulamento do Rexistro de Sociedades Cooperativas e o artigo 32 do Decreto 430/2001, de 18 de decembro, que aproba o Regulamento do Rexistro de Cooperativas de Galicia). De conformidade co previsto no artigo 13 da Lei, os promotores dunha sociedade cooperativa ou os xestores facultados pola Asemblea constituínte poderán solicitar do Rexistro a cualificación previa do proxecto de estatutos sociais. A tal fin, formularán a correspondente solicitude á que acompañarán texto íntegro do proxecto de estatutos por duplicado, certificación de que non existe outra sociedade con idéntica denominación e, no seu caso, certificación da acta da Asemblea constituinte. O proxecto de estatutos xunto coa resolución que o cualifique favorablemente devolverase debidamente dilixenciado ós promotores ou xestores para a súa incorporación á escritura de constitución. A cualificación previa é vinculante para o Rexistro e terá unha validez de seis meses.

Para rematar, paga a pena destacar que se dispón expresamente que, en defecto do establecido no Regulamento, será de aplicación a lexislación cooperativa estatal, a Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, así como a normativa mercantil en canto resulte de aplicación (Disposición Final segunda do Regulamento).